

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de plantacións forestais, depósito, carga e transporte de madeira e tala

ANUNCIO

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora de plantacións forestais, depósito, carga e transporte de madeira e tala.

Por acordo plenario adoptado na sesión extraordinaria do 27 de novembro de 2014 aprobouse provisionalmente a ordenanza municipal reguladora de plantacións forestais, depósito, carga e transporte de madeira e tala, e resoltas as reclamacións formuladas contra dito acordo no prazo e forma fixado no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, na sesión plenaria levada a cabo o 17 de febreiro de 2015, faise pública a redacción definitiva da ordenanza municipal reguladora de plantacións forestais, depósito, carga e transporte de madeira e tala

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE PLANTACIÓNS FORESTAIS, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA E TALA

TÍTULO I.-OBJECTO, DEFINICIÓN E ÁMBITO

Artigo 1.º.

É obxecto da presente Ordenanza a regulación de plantacións forestais que se fagan con posterioridade á entrada en vigor da mesma.

1.1.–Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal, aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento espontáneo, semente ou plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola ou fosen obxecto do mesmo.

1.2.–O ámbito de aplicación desta ordenanza comprende os terreos clasificados como solo (non urbanizable) de protección forestal segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Dodro.

Comprende ademáis o solo clasificado como non urbanizable de protección de cauces, protección dos espazos naturais e o solo apto para urbanizar onde non existan masas forestais

O solo urbano, o solo de núcleo rural e o solo apto para urbanizar onde non existan masas forestais, quedan fóra do ámbito de aplicación desta ordenanza, quedando ademáis prohibido o propio uso forestal nestas clases de solo.

TÍTULO II.-REPOBOACIÓN FORESTAIS

Artigo 2.º.

Con carácter básico, a actividade forestal quedará suxeita ao cumprimento da lexislación sectorial en materia de montes, incendios, medio ambiente, estradas, augas, patrimonio ou calquera outra que afecte ás actividades aquí reguladas.

As árbores frutais, quedan exceptuadas da aplicación desta ordenanza.

No terán a consideración de plantacións os cerramentos vexetais, que cando non sexan medianeiros deberán cumprir o establecido no art. 591 do Código civil.

Artigo 3.º.–Prohibicións en materia de repoboación forestal.

Establécense os seguintes usos prohibitivos con carácter xeral:

a) Prohíbense as repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais.

b) Prohíbense as repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prado ou pastos, con independencia da súa cualificación urbanística.

Artigo 4.º.-Distancias mínimas.

1.-Con carácter xeral as repoboacións forestais situaranse segundo as diferentes especies e respectando as distancias marcadas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e demais normativa sectorial aplicable, e especialmente deberán cumprir coas distancias fixadas no anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

2.-As distancias mediranse dende o límite exterior da repoboación, entendendo por tal o pé do exemplar dela máis próximo ó linde da finca. Se existisen gabias ou estrutura similar, a distancia medirase a partir do bordo destas máis próximo á plantación.

3.-O voo das plantacións forestais non poderá invadir o espazo dos viais, determinado pola proxección vertical dos seus bordos máis externos e, no caso de facelo, poñeranse as árbores de xeito que deixen unha altura de gálibo de 5 metros como mínimo.

Artigo 5.º.-Faixas de especial protección.

Co obxecto de protexer especialmente o espazo rural e os núcleos de poboación dos incendios, establécense faixas de especial protección naqueles terreos dedicados a monte e as áreas colindantes que abranguen:

- a) Na totalidade das parcelas que se atopen, fóra do monte, a unha distancia inferior a 25 metros do seu perímetro.
- b) a totalidade dos terreos forestais, rasos ou arborados, que se sitúen dentro do monte, a unha distancia inferior a 10 metros do seu perímetro
- c) Nunha franxa de 100 metros arredor de calquera núcleo poboacional, edificación, obras ou instalacións industriais, eléctricas ou infraestruturas de transporte situadas a menos de 400 metros do monte. Ademais nos 50 metros desde a estrema da propiedade non poderá haber plantación de pino, eucalipto, acacia e demais especies establecidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007 de defensa contra incendios.

Artigo 6.º.-Obrigas dos propietarios.

- 6.1. Os propietarios están obrigados a manter en todo momento limpas de maleza, restos e xérmolos de árbores, as franxas de terreo resultantes das salvagardas das distancias mínimas indicadas nos artigos 4 e 5.
- 6.2. Os propietarios están obrigados a manter en todo momento limpas as repoboacións forestais.
- 6.3. Os propietarios dos terreos sitios nas faixas de especial protección están obrigados a manter as mesmas libres de vexetación accesoria a masa principal e coa masa arbórea rareada.
- 6.4. Manter limpas de vexetación as vías de titularidade privada, así como as gabias.

Artigo 7.º.-Obrigatoriedade de comunicación.

Con carácter xeral e co fin de garantir o efectivo cumprimento desta ordenanza, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa á plantación de superficies forestais, en dita comunicación identificarase ao propietario e a finca de plantación así como a especie e a densidade.

Artigo 8.º.-Corta de plantacións.

8.1. Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da corta de plantacións forestais, con dez días de antelación cando se superen as 5TM

A comunicación da corta será efectuada pola persoa física ou xurídica responsable desta, debendo constar na mesma o seguinte:

- Identificación do propietario ou madeireiro.
- Especie de madeira obxecto da tala, así como as toneladas a extraer.
- Identificación da parcela afectada e a súa situación.
- Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte de madeira.
- Duración prevista.

8.2. A persoa ou empresa encargada da tala será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación destes, incluso con limpeza e retirada de residuos. En todo caso estarán suxeitos ao disposto no Título III da presente Ordenanza.

TÍTULO III.-REGULACIÓN DE DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE TALA

Artigo 9.-Tarefas de extracción da madeira.

1.-As tarefas de extracción de madeira, en particular a realización de operacións de depósito, carga e transporte en vehículos con peso máximo autorizado superior a 5 Tm de madeira procedente da corta estarán sometidas a licenza que terá carácter bianual, e facultará ao titular para a realización dos traballos durante o seu período de vixencia. A licenza deberá ser renovada antes de que remate o período de vixencia e non excluírá do deber de levar a cabo unha comunicación previa mediante escrito no Rexistro Xeral do Concello na que se indique o lugar onde se levarán a cabo os traballos, tm do vehículo a empregar e duración.

2.-Independentemente da taxa que se fixe por tramitación de comunicación previa correspondente na ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, os beneficiarios da licenza deberán presentar xustificantes de ter presentada fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes que se indican nos parágrafos seguintes, para responder do amaño dos deterioros que puideran producir nos viais, e a limpeza dos restos das operacións de carga e depósito de madeira. No caso de que nas operacións de transporte interveñan vehículos de empresas distintas á que se encarga da tala estarán obrigados a subrogalos a súa fianza, ou ben á que deposite a propia empresa de transporte.

Establécense dúas categorías a efectos de fixación de fianzas:

a) Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 Tm, 1.600 € ou o correspondente seguro de responsabilidade civil por unha contía non inferior a 50.000,00 €.

b) Vehículos con peso máximo autorizado igual ou maior de 16 Tm, 3.100,00 € ou o correspondente seguro de responsabilidade civil por unha contía non inferior a 75.000,00 €.

3.-O presentador dunha comunicación previa para depósito, carga e transporte de madeira estará obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos viais, ou nas infraestruturas anexas, así como á retirada dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

4.-Na comunicación previa de corta farase constar a obriga e conformidade por parte do/a titular da actividade, de retirar da zona de extracción e depositar no vertedoiro controlado todos os lixos que puidesen depositarse (latas, recipientes de bebidas, etc.).

5.-Igualmente, na comunicación previa de extracción de madeira farase constar a obriga e a conformidade por parte do/a titular da actividade de recoller e retirar ás zonas de depósito establecidas os restos derivados desta (pólas, cortizas e follaxe).

6.-En todo caso, prohíbense as seguintes:

I. O almacenamento de madeira nas vías públicas.

II. Os depósitos de rolla, pólas ou podalla, non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin menoscabar a funcionalidade das gabias, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa os viais, nin supoñer risco para os usuarios da vía.

III. O vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares non autorizados expresamente para iso.

7.-A comunicación previa non ampara as tarefas de carga e almacenamento sobre os viais e estruturas anexas.

8.-As vías públicas non poderán empregarse para almacén de madeira, aínda que se autorizarán as operacións imprescindibles para a súa carga; aínda así, as gabias deberán quedar sempre limpas e en bo estado de uso.

Artigo 10.

Transcorrido un prazo de 10 días dende que se produzan os danos, a infracción ou a acumulación de restos, o Concello poderá realizar con cargo á fianza depositada, as operacións de amaño, correccións e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda, e de exercer as accións oportunas para resarcirse dos custes, se non foran totalmente cubertos pola fianza.

Artigo 11.

O exercicio das actividades de extracción, depósito, carga e transporte de madeira, sen posuir a correspondente licenza, orixinará o correspondente expediente sancionador e enténdese sen prexuízo de solicitar da Garda Civil a inmovilización inmediata do vehículo ata a conclusión do expediente, ou a presentación de fianzas polas cantidades máximas que puideran derivarse da súa instrución.

TÍTULO IV.-INFRACCIÓNS E SANCIONES

Artigo 12.

Para os efectos da presente ordenanza será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, das prohibicións e dos requisitos establecidos nela, así como das condicións impostas nas autorizacións administrativas outorgadas ó seu abeiro.

12.1.–Con carácter xeral, calquera incumprimento do contido da presente ordenanza considérase como infracción de carácter leve.

12.2.–Considerase infracción grave:

- Levar a cabo as actividades de extracción, depósito, carga e transporte de madeira sen efectuar a comunicación previa.
- Ter sido condenado por unha infracción leve e ser reincidente. Entenderase que existe reincidencia cando se cometan dúas faltas leves no prazo dun ano, contado dende a data na que adquiriu firmeza a resolución sancionadora.
- Causar deterioros ou desperfectos nos camiños públicos municipais e non proceder ao seu arranxo nos prazos marcados pola presente ordenanza.
- Non respectar a distancia da vía pública marcada pola normativa urbanística do Concello no caso das reboacións forestais.

12.3 .–As infraccións á presente ordenanza serán sancionadas do seguinte xeito:

- As leves, con multa de 300,00 € ata 750,00 €.
- As graves, con multa de 750,00 € ata 1.500,00 €.

12.4.–Para a gradación das multas atenderase a súa repercusión, a súa transcendencia polo que respecta ao prexuízo causado, ó ánimo de lucro e a contía do beneficio obtido na comisión da infracción.

Artigo 13.

En todo caso, o incumprimento reiterado ou a falta de pago das cantidades endebedadas en concepto de preceptos establecidos, unha vez exista resolución firme, suporá a anulación dos efectos da comunicación previa e, polo tanto, a baixa automática de tódolos vehículos derivados e, consecuentemente a prohibición do exercicio das actividades regulamentadas na ordenanza no ámbito do territorio do Concello de Dodro.

13.1.–Non se concederá nova licenza, renovación, nin novas anotacións no rexistro de vehículos ás persoas físicas ou xurídicas incursas en causa de anulación ou que manteñan débedas derivadas de expediente de sanción, aberto en cumprimento dos preceptos da presente ordenanza ata a conclusión do expediente ou liquidación dos importes pertinentes.

13.2.–A anulación da licenza implicaría a non concesión de nova licenza durante un período mínimo dun ano a contar dende a data na que exista resolución firme.

Artigo 14.

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta ordenanza requirirá a incoación e instrución do correspondente expediente administrativo de conformidade co disposto na lei 30/92, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e o real decreto 1398/1983, de 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 15.

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e resolto o expediente sancionador, requirirase ó responsable da infracción para que se axuste á normativa, outorgándolle un prazo máximo dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se dea cumprimento ó requirimento, sen necesidade de novas notificacións procederase á execución subsidiaria deste, cargándolle as costas á persoa responsable.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As plantacións existentes deberán adecuarse ao disposto nesta ordenanza trala primeira corta efectuada a partir da entrada en vigor desta.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada toda aquela normativa municipal deste Concello que se opoña ao contido da presente ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no BOP, continuando en vigor ata a súa derogación ou modificación posterior.

Contra a citada aprobación definitiva, pódese interpoñer o recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na lexislación vixente.

Dado, 25 de febreiro de 2015.

O alcalde

Valentín Alfonsín Somoza

2015/2264